



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

INSTRUCCIÓN DE ELIXIBILIDADE DOS GASTOS

**Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de
centros de investigación singulares e agrupacións
estratéxicas consolidadas do Sistema Universitario de
Galicia (convocatoria 2016)**

Versión 2.0 (17/11/2016)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

CONTENIDO

1	Custos directos	4
1.1	Persoal	4
1.2	Equipamento inventariable e material funxible	5
1.2.1	Equipamento inventariable	5
1.2.2	Material funxible.....	6
1.3	Viaxe	7
1.4	Asesoramento externo	7
1.5	Auditoría	8
2	Custos indirectos ou gastos xerais.....	9



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades



**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

Estas instrucións establecen a elixibilidade dos gastos relativos á Orde do 11 de agosto de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do Sistema universitario de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2016.

No seu artigo 6. Conceptos subvencionables, establécese que terán a consideración de **gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada, e que resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento das actuacións para que foron concedidas.**

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

A continuación preséntanse os custos subvencionables para esta orde:



1 Custos directos

Os custos directos son aqueles que están directa e inequivocamente relacionados coa actividade subvencionada, e cuxo nexo coa actividade pode demostrarse.

Consideraranse custos directos subvencionables os seguintes:

1.1 Persoal

Son subvencionables os custos de contratación de persoal propio e de nova contratación, na **porcentaxe de dedicación** ao desenvolvemento das actividades da orde.

O **persoal subvencionable é exclusivamente** o seguinte:

- ✓ **Persoal investigador.**
- ✓ **Técnicos de investigación.**
- ✓ **Auxiliares de investigación.**

Non é subvencionable o custe de persoal administrativo relacionado con tarefas de xestión da entidade.

Non se subvencionarán os custos de persoal que xa estean cubertos polas dotacións previstas na Lei de orzamentos xerais do Estado ou nas leis de orzamentos da Comunidade Autónoma, dada a non elixibilidade do gasto dobremente subvencionado, relativo ao seguinte persoal:

- ✓ **Persoal docente.**
- ✓ **Persoal investigador.**
- ✓ **Persoal de administración e servizos.**



1.2 Equipamento inventariable e material funxible

Son subvencionables os custos de equipamento inventariable e material funxible **de nova adquisición, na medida e porcentaxe de utilización para as actividades** obxecto da orde.

O equipamento inventariable é aquel que forma parte dos bens mobles (ordenador, impresora, aparatos e equipos de investigación, maquinaria, mobiliario, etc.), mentres que o material funxible (equipamento non inventariable) refírese a aquel material que vaise gastando e require de reposición (tónér, bolígrafos, folios,...).

As **características para considerar un equipamento como inventariable** son as seguintes:

- ✓ Son bens mobles non funxibles.
- ✓ Non son susceptibles dun rápido deterioro polo seu uso.
- ✓ A súa vida útil es superior a un ano.
- ✓ Producen un incremento do patrimonio da entidade.

1.2.1 Equipamento inventariable

No caso de equipamento inventariable, establécense dous supostos:

- ✓ Se a vida útil do equipamento se esgota ao termo do período de duración da axuda (é dicir, a **vida útil é igual ou inferior á duración da axuda**), considerarase como gasto subvencionable o **custo de adquisición**. Deberase xustificar anualmente o importe de amortización de dito período, calculado sobre a base das boas prácticas contables.



- ✓ Se a **vida útil do equipamento supera a duración da axuda**, só serán imputables anualmente os custos de amortización de dito período. Polo tanto, **o custo subvencionable será inferior ao custo de adquisición**.

Ademais da **adquisición do equipamento inventariable**, consideraranse **subvencionables** os seguintes conceptos:

- ✓ A **instalación do equipamento**, sempre que sexa estritamente necesaria para a súa posta en funcionamento.
- ✓ As **licenzas** e renovacións de licenzas de software se son de uso **específico** para as actividades específicas e non de uso xeral.

Como gastos **non subvencionables** se considerarán os seguintes:

- ✓ Instalacións de edificios (electricidade, climatización, redes de telecomunicacións...), e as que non sexan estritamente necesarias para o funcionamento de equipamento científico e técnico.
- ✓ Equipamento para espazos ou usos alleos ás actividades subvencionadas, como zonas de administración ou xestión, salas de reunións, despachos, mobiliario de oficina...
- ✓ Licenzas de software xeral.

1.2.2 Material funxible

O material funxible, de oficina ou informático, **non poderá exceder o 5% da axuda** debidamente xustificada anualmente.



1.3 Viaxe

Son subvencionables os **custos de viaxe, axudas de custo e aloxamento de membros do centro ou da agrupación**, ou do **persoal adscrito** ao proxecto para a actividade obxecto da axuda.

A contía destes gastos **non poderá exceder do 20%** da axuda debidamente xustificada anualmente.

Consideraranse **custos subvencionables** os seguintes:

- ✓ Gastos de viaxe (por exemplo billetes, quilometraxe do vehículo, peaxes e gastos de aparcadoiro).
- ✓ Custos de comida.
- ✓ Custos de aloxamento.

Debe terse en conta as contías máximas sinaladas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razóns de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia (actualizado por Resolución do 29 de decembro de 2005, DOG núm. 250, do 30 de decembro) para un grupo I.

Non se considerarán nestes custos os dos/das colaboradores/as externos/as do centro ou da agrupación.

1.4 Asesoramento externo

Son subvencionables os gastos de consultaría e asesoramento externo para as seguintes cuestións:

- ✓ **Presentación de proxectos no marco do Programa horizonte 2020.**
- ✓ Contratación de **servizos externos** entendidos como actividades prestadas por terceiros de forma puntual:



- o Análises e ensaios de laboratorio.
- o Enxeñaría para a montaxe e operación.
- o Estudos e actividades complementarias.
- o Consultarías, asistencia técnica e servizos equivalentes para a execución das actividades investigadoras propias dos proxectos estratéxicos de investigación.

Se a actividade que se vai realizar forma parte da propia investigación, deberá ser considerada como subcontratación.

Estes servizos deberán ser necesarios para o desenvolvemento das actividades e estar debidamente xustificadas na memoria xustificativa do gasto.

1.5 Auditoría

Son subvencionables os gastos derivados da elaboración dun **informe de auditoría da xustificación económica por cada centro ou agrupación** que obteña financiamento en cada unha das anualidades en que a axuda estea activa.

O custo por este concepto non poderá exceder 2.000 € por anualidade.



2 Custos indirectos ou gastos xerais

Os custos indirectos ou gastos xerais son aqueles que non están vinculados ou non poden vincularse directamente coa actividade subvencionada por teren carácter estrutural, pero resultan necesarios para a súa realización, nos cales se inclúen os seguintes custos:

- ✓ Gastos administrativos (tales como xestión administrativa e contable).
- ✓ Gastos de supervisión e control de calidade.
- ✓ Subministracións (tales como auga, electricidade, calefacción, teléfono).
- ✓ Seguros.
- ✓ Seguridade.
- ✓ Gastos de limpeza.

En aplicación da opción prevista no artigo 68.1.b) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o custo imputable por este concepto será o importe resultante de aplicar unha porcentaxe de **ata o 15 % aos custos de persoal** imputados ás actividades e dependencias das unidades de investigación destinatarias da axuda.